

Volve de novo o outono ao calor das Aulas, a estrear libros e pinturas. E zapatos, que os do ano pasado están gastados de tanto camiñar.

Volvo a ver aos meus compañeiros, a case todos, porque ás veces algún vaise a sementar estrelas aos campos celestes e cede o seu asento aos que chegan por primeira vez. Xente como eu, que inicia o curso, coa tranquilidade do que xa recolleu a colleita. Porque o meu trigo xa está no graneiro e o viño das miñas cepas está gardado en barrís antigos. A miña casa esta rematada, amoblada e habitada, por iso non temo ao inverno. Agora que teño os deberes feitos volvo a escola a disfrutar ¡Que sorte volver a ser un escolar cando xa se aprobaron os exames! Pérdense cousas pero gáñanse moitas máis!

Xa sei que ás veces trémenme as mans, pero non están valeiras e poden apertar ás túas se te sentes só. Os meus pasos son máis lentos pero sé moi ben onde vou. Non vexo tan ben como antes pero deixei atrás a miopía que me enchía de prexuízos. Tampouco o meu oído é tan bo como cando era novo, pero é agora cando distingo os cantos de sirena e podo alonxar a miña nave do perigo.

Ás veces falo só pero non me avergoño. Lévome ben connigo mesmo. Mírome no espello e recoñezome. Son quen quixen ser e síntome orgulloso de cada esforzo que realicei para conseguilo. Das liñas que a vida escribiu no meu rostro. De contribuír á felicidade dos meus e, sobre todo, de ser digno de ser amado.

Tamén hai moitas cousas que me fan chorar. Os que me coñecen din que me volvíñ máis sensible. É certo, pero no creades que é un signo de debilidade, é que estou ensaiando pensamentos delicados para compoñer un madrigal.

Mercedes. ATEGAL Ourense



SEDE CENTRAL E AULAS DE SANTIAGO

Rúa Virxe da Cerca, 31
15703 Santiago de Compostela
Tel./FAX: 981 581533

www.ategal.com • coordinacion@ategal.com

AULAS DE A CORUÑA

Rúa Fonseca, 8
15004 A Coruña
Tel: 981 216863

AULAS DE FERROL

Rúa Galiano, 52, 1º esq.
15402 Ferrol
Tel: 981 356202

AULAS DE VIGO

Rúa Urzaiz, 120, 1º
36205 Vigo
Tel: 986 481600

AULAS DE MONTERROSO

Praza de Galicia, s/n
27560 Monterroso - Lugo
Tel: 982 377522

AULAS DE LUGO

Rúa Frai Plácido
Rei Lemos, s/n, 2º
27004 Lugo
Tel: 982 254677

AULAS DE VILALBA

Praza da Constitución, s/n
27800 Vilalba - Lugo
Tel: 982 510305

AULAS DE OURENSE

Rúa Progreso, 66, entr.
32003 Ourense
Tel: 988 215077

AULAS DE PADRÓN

Campo do Souto, s/n
15900 Padrón - A Coruña
Tel: 981 811329

AULAS DE PONTEVEDRA

Rúa Michelena, 11-1º
36002 Pontevedra
Tel: 699 55 27 36

UN SALUDO DEL PRESIDENTE

Cuando dentro de unos pocos días tengáis en vuestras manos este nuevo número de nuestra revista ATEGAL, ya habremos estado en Celanova, en el impresionante Monasterio de San Salvador, a los pies de San Rosendo un grupo muy numeroso de todas las Aulas de Galicia celebrando este **Año Santo Rosendiano**. Recordemos que fue San Rosendo el fundador de este Monasterio, que vivió en Galicia y para Galicia, trabajando, predicando, ayudando a los pobres y pacificando estos territorios que por entonces andaban muy agitados por los moros y los normandos.

Otras fiestas y celebraciones nos esperan para este nuevo curso que estamos empezando. Como siempre comenzamos llenos de ilusión y de nuevos proyectos. En este momento estamos intentando fundar las **Aulas en Pontevedra**. Si el proyecto va adelante, ya os daremos más información. En el mes de mayo vamos a organizar en Santiago el **X Congreso Nacional de las Aulas**. Esto quiere decir que van a venir aquí representantes de las Aulas de toda España. Las Aulas de Galicia, como organizadoras del Congreso, tendremos que echar el resto. Os iremos informando según se vayan desarrollando los planes.



Estas tres noticias son solamente tres detalles que nos recuerdan el dinamismo de nuestras Aulas. Estamos siempre abiertos a la innovación, al cambio, al avance continuo que necesitamos. Y siempre contamos con la magnífica colaboración de todos: Alumnos, Profesores y Coordinadores. A todos mi agradecimiento.

En el mes de mayo vamos a organizar en Santiago
el X Congreso Nacional de las Aulas

Una vez más os animo a que empecéis este curso con la alegría de siempre. Cultivad el optimismo con todas vuestras fuerzas. Al mal tiempo, buena cara. Sed positivos en vuestra manera de pensar, con buen humor en las palabras, alegres y amables en vuestros ademanes. Escribía muy sabiamente Juan XXIII: "seré feliz sabiendo que he sido creado para la felicidad, no sólo en el otro mundo, sino en éste también". Y muy bien sabéis por experiencia que vuestras actividades y amistades en las Aulas os mantienen vivos y despiertos y abiertos a la alegría de la vida. ¡Feliz curso 2007-2008!

RAFAEL ROMERO VALENCIA S.J.
Director das Aulas de Galicia

AULAS DE VIGO

Coa chegada do outono volta o movemento ás Aulas de Vigo. É momento de reencontros e presentacións, momento para poñerse o día tralas vacacións estivais, momento para retomar actividades e amizades. As Aulas voltan a encherse de conversas, risos, experiencias, ideas e novas propostas que como coordinadora encantárame escoitalas, e se é posible, levalas a cabo. Mantendo a traxectoria de anos anteriores continuamos coas mesmas actividades, pero tamén incorporamos novidades como *Pilates*, *Cultura Xeral* ou un *Clube de Lectores*. Seguiremos facendo saídas a exposicións e excursións culturais. Tamén existe a intención de organizar charlas e proxeccións ao longo de curso. De cara á volta do Nadal ofertaremos cursos breves. Todo isto faise para vós, así que contamos coa vosa asistencia e participación. Bo curso a todos.

ESTA TOLERÍA

Esta tolería
De escribir poesía
Ocupou de sempre
Toda miña vida.

Case que non teño
Tempo para min
E escribo e escribo
Penas e alegrías
Risos e tristuras.

Eu escribo á rosa
Chea de perfume
Ás frores silvestres
Ás bolboretinas
Á noite estrelada
Que sostén a lúa
En cuarto crecente
En cuarto menguante

Lúa chea ou nova
Que os raios de Sol
Nunca quentarán

E esta tolería
Sígueme obrigando
a escribir poesía
a soñar desperta
soños de papel.

Rosa Morales
ATEGAL-Vigo

AULAS DE MONTERROSO

O día 15 de outubro botou a andar un novo curso das Aulas da Terceira Idade de Monterroso, cunha oferta variada na que se conta coas actividades xa institucionais (Ximnasia de Mantemento, Pintura e Manualidades), as de máis nova creación (Historia da Arte, Obradoiro de Memoria e Teatro) e como novidade este ano ofrécese Informática, utilizando as instalacións da nova Aula Multimedia cos mellores adiantos en comunicación e informática inaugurada o pasado mes de maio; nela as/os nosas/os alumnas/os ademais de aprender informática e manexarse en internet poderán utilizar os equipos informáticos en horario libre.

A través do *Seminario de Historia da Arte* organizaranse unha serie de saídas culturais guiadas polo profesor; dende o *Seminario de Ximnasia de Mantemento* faranse unha serie de rotas de sendeirismo nas que de forma práctica iráse ensinando o equipamento adecuado para esta actividade e medidas de precaución que se deberán seguir; dende os *Seminarios de Pintura e Manualidades* organizaranse exposicións en Nadal, nun "stand" na Feira Comarcal do Queixo e fin de curso; o Obradoiro de Memoria organizará xornadas de convivencia con usuarios do Centro de Día e nenos e nenas do Colexio Público da vila; e o grupo de Teatro fará unha serie de montaxes para o Nadal, Letras Galegas e Fin de Curso.

Tamén programaremos o longo do curso obradoiros de Tai-Chi, Risoterapia e Musicoterapia; un ciclo de conferencias sobre Uso Adecuado dos Medicamentos, Servizos Sociais (Dereitos e Deberes) e Hixiene e Coidados nas Persoas Adultas.

AULAS DE OURENSE

As Aulas de Ourense comenzaron o curso cunha viaxe ás Fragas do Eume e a Pontedeume, fixemos unha ruta de sendeirismo, visitamos o Mosteiro de Caaveiro e a Torre dos Andrade.

As clases comezaron o día 1 de outubro; este ano contamos xa con máis de 170 alumnos.

Como novidades este ano teremos dúas novas actividades "Pintura e Tendencias" e "Ioga".



EXCURSIÓN DAS AULAS A RIBADAVIA

AULAS DE SANTIAGO

Queremos darvos a benvida ao novo curso 2007/2008 e informaros das novas actividades que temos este curso.

- *Educación para a saúde*, estimulación cognitiva dentro dun programa de formación de voluntariado para maiores.

- *Gabinete de curiosidades*.

- *Historia e Literatura de Galicia*.

- *Francés*.

Con motivo da campaña "Vivir Compostela" durante o mes de outubro fixemos visitas culturais programadas ás Cubertas da Catedral, ás Igrexas, ao Casco Histórico e ao Patrimonio da Universidade, en grupos de 25 persoas.

AULAS DE A CORUÑA

As novidades para o curso 2007/08 de ATEGAL Coruña son:

- Inauguración da Videoteca (800 longametraxes).

- Inauguración da Biblioteca (1.200 volumes).

- Inauguración da Sala de Lectura (con 400 volumes entre os que se atopan obras de finais de século XVIII).

- Inauguración dun laboratorio de idiomas dentro da Aula de Informática.

- Inauguración da actividade de Inglés de conversación.

- Ampliación a tres grupos do seminario de Tai-chí.

- Convenio co Concello de A Coruña mediante o cal os alumnos de ATEGAL Coruña teñen a posibilidade de obter o bono bus de estudante só por estar matriculados con nós (bo, só e nin máis nin menos).

[a videoteca e a biblioteca teñen establecido un servizo de empréstanos gratuíto para alumnos e profesores].

AULAS DE LUGO

Os alumnos das Aulas de Lugo prepáranse con entusiasmo para comezar o novo curso, no que ofertaremos as seguintes actividades:

- Pintura: Óleo, acuarela, acrílico, técnicas mixtas.

- Manuais: Pintura en tea, restauración, tapicería, madeira, cristal, etc.

- Obradoiro de Memoria.

- Ximnasia.

- Ioga.

- Tai-chi.

- Coral.

- Charlas-Coloquio.

- O grupo de Teatro disposto a colaborar e a facer felices aos nosos maiores, representando obras escritas por unha alumna (Edita Iglesias) que leva con nos dende o ano 1990.

AULAS DE FERROL

As Aulas de 3ª Idade de Ferrol comezan o novo curso con ilusión e intentando que os alumnos participen nalgúns obradoiros novedosos. O curso pasado na actividade de Literatura realizouse unha revista para conmemorar o Día das Letras Galegas. En dita revista participaron os alumnos da actividade elaborando artigos sobre diversos temas. Este curso imos realizar dita revista co mesmo propósito, así como crear Un Club de Lectura para animar a lectura de diferentes xéneros literarios. Dito Club de Lectura pretende ter una proxección no exterior para involucrar a outros colectivos da 3ª idade de nosa cidade.

AULAS DE VILALBA

O 30 de outubro as 17,00 horas inaugúranse as Aulas de Vilalba no Salón de Actos da Casa da Cultura, coa presenza do Alcalde e da Concelleira de Servizos Sociais. A profesora de ximnasia impartirá a conferencia "Idade Adulta, unha etapa da vida".

AULAS DE PADRÓN

O 15 de outubro comezou o curso en Padrón con máis de 120 alumnos, aumentando os curso de Tai-chi e a colaboración do Concello.

A Coral de Padrón acompañounos a Celanova.

AULAS DE PONTEVEDRA

Este ano abrimos unha nova sede en Pontevedra, están situadas na céntrica rúa de Michelena nº 11-1º. Neste primeiro curso temos as seguintes actividades:

- Pintura.

- Coro.

- Memoria.

- Ximnasia.

- Informática.



AULAS DE SANTIAGO. VISITA CULTURAL ÁS CUBERTAS DA CATEDRAL



EXCURSIÓN DAS AULAS DE FERROL